

Memoria **xustificativa** dun **convenio** de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o **Concello dos Blancos** para a execución do proxecto denominado **Adquisición dun tractor con rozadoira para o servizo de medioambiente do Concello**

1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello dos Blancos un convenio para a Adquisición dun tractor con rozadoira para o servizo de medioambiente do Concello.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 23 de xaneiro de 2025 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025 e as actuacións ás que se destina, aplicándose



parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello dos Blancos o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2025.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello dos Blancos para a Adquisición dun tractor con rozadoira para o servizo de medioambiente do Concello.

5. Fundamentos do convenio

O Concello dos Blancos manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a adquisición dun tractor con rozadoira destinado a protección do ambiente e do espazo natural.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopa este concello e ,concretamente, os servizos medioambientais como consecuencia da avaría sufrida polo tractor do que dispoñía o Concello para a realización das tarefas de prevención de incendios.

O Concello dos Blancos non dispón da maquinaria necesaria para levar a cabo os traballos de prevención de incendios, co conseguinte risco que isto supón para a poboación e para o patrimonio cultural e medioambiental do concello.

O concello viña realizando as tarefas de limpeza e desbroce cun tractor que sufriu unha avaría que imposibilita o seu uso polo que é preciso proceder a adquisición inmediata dun novo tractor.

O concello dos Blancos levaba varios anos sen sufrir ningún incendio forestal de relevancia, este feito, unido a intensidade das chuvias da pasada primavera nesta comarca, provocaron un crecemento desmedido e inusual de toda a vexetación herbácea e arbustiva, de toda a masa forestal do concello, que representa ao redor do 80% da superficie total, estas circunstancias xeran un elevadísimo risco de incendios debido a gran cantidade de combustible existente no monte.

A situación é especialmente grave nas faixas ao redor dos núcleos de poboación e das vivendas illadas que presentan ao seu redor unha carga de combustible vexetal moi elevada.

A concorrencia neste verán de 2025 de graves incendios nesta comarca e en toda a provincia de Ourense evidencia a necesidade de realizar canto antes os traballos de desbroce e eliminación da vexetación existente para reducir, na medida do posible, o risco de incendios.



A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores como a chegada do inverno e das baixas temperaturas que ocasionan un maior número de incidencias, riscos e emerxencias. A esta circunstancia engadese o feito de que na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal se poida acoller este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello dos Blancos de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; así mesmo, correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo Concello dos Blancos e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello dos Blancos.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de CORENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E CINCO EUROS (47.795,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.761.1 (C.P. 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local
Natalia Prieto Viso
(*documento asinado electronicamente*)

